



C R E A R , I M I T A R , C O P I A R , P L A X I A R

# UNHA INVESTIGACIÓN DE LIBRO

**GUÍA PRÁCTICA PARA ESTUDANTES**  
DE DOCE A DEZAOITO ANOS

Como facer un traballo orixinal,  
ben documentado e respectuoso  
cos dereitos de autor

esdelibro.es

**Programa Educativo de CEDRO**

**Definición, diseño e desenvolvemento**


**NETURITY**

Especialistas  
Propiedade intelectual  
CEDRO (coa colaboración de Juan José Pindado)

Educación documental  
Natalia Bernabeu e M.<sup>a</sup> Jesús Illescas

Maquetación e deseño de materiais impresos e identidade  
Pierre Comunica

Traducción  
Xavier López López



# Investigar paso a paso

**O contrato** 1 Anímaste a investigar?

**O tema** 2 Tes un bo tema de investigación?

**O plan** 3 Organízate

**As ideas** 4 Ordena as túas ideas nun diagrama

**As fontes** 5 Onde localizar información?

**Os documentos** 6 Cales poden ser interesantes?

**A información** 7 Selecciona o importante

**O guión** 8 Fai un bo guión

**Se orixinal** 9 Como non copiar nin plaxiar

**O informe** 10 Como facer un bo informe de investigación?

**En Internet** 11 Publica o teu traballo en esdelibro.es

**Es de libro?**



Paso

I

## O contrato

Anímaste a investigar?

### Que vas facer?

Comprometerte a realizar un bo traballo de investigación.

### Algúns consellos

**OS TEUS GUSTOS.** Pensa en temas que che gusten, nas túas posibilidades para abordalos, no tempo que podes dedicar...

**TELO CLARO.** Debes saber que fases ten unha investigación e onde estás en cada momento.

**PENSA EN ©.** Ao longo do proceso, considera os dereitos que teñen os autores sobre as súas obras (cítaos, fai unha bibliografía, indica os autores das imaxes ou ilustracións...).


« O talento é algo corrente. Non escasea a intelixencia senón a constancia »



**Doris Lessing**  
(Nacida en 1919).  
Escritora británica.

Pensa en ©

Cada autor é responsable do seu propio traballo.



Paso

2

## O tema

Tes un bo tema de investigación?

### Que vas facer?

Elixir o tema do teu traballo de investigación.

### Algúns consellos

**EMPEZA POLOS TEUS INTERESES.** Seguro que tes curiosidade ou sabes moito sobre un tema concreto. É mellor elixir un tema que che apeteza investigar.

**E SE NON SE CHE OCORRE NADA?** Podes tomar ideas consultando un xornal, a biblioteca, preguntando aos profesores ou aos amigos...

**TORMENTA DE IDEAS.** Outra solución: reunidos en grupo, anotade durante dez minutos preguntas ou temas que se vos ocorran, sen descartar ningún. Despois poñédeos en común e elixide o que máis vos guste.

**PON LÍMITES AO TEU TEMA.** Intenta que non sexa demasiado xeral. Non elixas un tema demasiado complicado ou do que haxa pouca documentación.

**NON LLE DEAS MÁIS VOLTAS.** Unha vez que elixiches o tema, non o penses máis: é o momento de se poñer a traballar.


«*Xamais se inventaría nada se todos nos sentíssemos satisfeitos coas cousas descubertas*»



**Séneca**  
(4 a.C.-65 d.C.).  
Filósofo latino.

Pensa en ©

Valora as túas ideas e trata de tomalas como punto de partida.



Paso

3

## O plan

### Organízate

#### Que vas facer?

Planificar os pasos que vas dar na túa investigación.

#### Algúns consellos

**ANTICIPÁTE.** Pensa nas tarefas que vas facer, nos distintos pasos e nos problemas que poidan xurdir.

**REPARTE BEN O TEMPO.** Algúns pasos serán máis longos ca outros.

**SEN PRÉSAS AO FINAL.** Non deixes todo para o final, se te organizas ben hai tempo para todo.

**PIDE AXUDA.** Para facer un bo plan, pide consello arredor teu: profesores, compañeiros...

**SE FLEXIBLE.** Non todo se pode prever. O teu plan debe estar aberto aos imprevistos: dalgúns podes tirar proveito.

**MÍRAO DE CANDO EN VEZ.** Revisa o teu plan cada certo tempo para comprobar que cumpres coas tarefas e as datas previstas.


« Con orde e tempo encóntrase o segredo de facelo todo e de facelo ben »»



**Pitágoras**  
(século VI a.C.).  
Matemático grego.

### Pensa en ©

Cando fas un plan, debes prever como recoller os datos dos documentos respectando os dereitos dos seus autores.



Paso  
**4**

## As ideas

Ordena as túas ideas nun diagrama

### Que vas facer?

Confeccionar un diagrama que che axude a ordenar o que xa sabes e o que vas investigar.

### Algúns consellos

**PENSA NO QUE XA SABES.** Por escaso que sexa, sempre temos algún coñecemento sobre os temas.

**QUE QUERES SABER?** Dedicar un tempo a preguntarte que é o que queres averiguar sobre o tema elixido.

**ANOTA TODO O QUE SE CHE OCORRA.** Non descartes, nun principio, ningunha das túas ideas porque poderían ser útiles máis adiante.

**PALABRAS CLAVE.** As túas preguntas serán máis fáciles de manexar se as resumes nunhas cantas palabras clave que utilizarás despois para buscar información.

**UN DIAGRAMA.** Serve para representar as ideas que xorden arredor do tema que estás investigando. Sitúa no centro o tema principal e fai saír das ramas ou subtemas relacionados (como se fose unha estrela). Este proceso podes repetilo tantas veces como necesites.


« O que conduce e arrastra o mundo non son as máquinas, senón as ideas »



**Víctor Hugo**  
(1802-1885).  
Escritor francés.

Pensa en ©

Valora as túas propias ideas como algo orixinal.



Paso  
**5**

## As fontes

Onde localizar información?

### Que vas facer?

Buscar a forma máis conveniente de encontrar información para o teu traballo.

### Algúns consellos

**QUE NECESITO?** Pensa no tipo de información que necesitas para a túa investigación: documentos, imaxes, audiovisuais, estatísticas...

**ONDE ESTÁ?** Elixo ben o lugar onde buscar: bibliotecas, hemerotecas, Internet, enquisas...

**AS BIBLIOTECAS.** Achégate á do instituto ou á do barrio e consulta o seu catálogo ou pregunta ao bibliotecario. Recorda que tes unhas palabras clave para empezar a buscar...

**INTERNET.** En Internet existe todo tipo de información, pero hai demasiados millóns de páxinas e non todo é útil nin fiable. Aquí tamén podes empregar as túas palabras clave.

**SE CURIOSO.** Non quedes co primeiro que encontres. Consulta fontes variadas de autores e procedencias diferentes.

« Un bo libro é aquel que se abre con expectación e se pecha con proveito »»




**Louise M. Alcott**  
(1832-1888).  
Escritora estadounidense.

Pensa en ©

Copia,  
fotocopia,  
corta e pega  
respectando  
os dereitos  
de autor.





Paso

6

## Os documentos

Cales poden ser interesantes?

### Que vas facer?

Seleccionar os documentos necesarios para a túa investigación.

### Algúns consellos

**NON TE CONFORMES CO PRIMEIRO.** Busca información variada e contrasta documentos diversos. Enriquece a túa propia opinión con outros puntos de vista.

**PUNTOS RICOS.** Nos documentos hai lugares onde podes coller unha idea rápida do seu contido: título, titulares, sumario, resumo, conclusión...

**VÁLECHE OU NON CHE VALE?** Selecciona os documentos útiles (a información está actualizada?, enténdoo?, o autor ou a fonte son fiables?..).


« Non hai libro tan malo do que non se poida aprender algo bo »»



**Caio Plinio**  
(63-h. 113).  
Escritor latino.

Pensa en ©

Apunta os datos dos documentos para podelos citar no teu traballo.



Paso  
**7**

## A información

Selecciona o importante

### Que vas facer?

Obter a información que necesitas dos documentos elixidos.

### Algúns consellos

**AS TÚAS PREGUNTAS INICIAIS.** No paso 4 («As ideas») fixécheste algunhas preguntas. É o momento de localizar en que documentos están as respostas.

**TOMA NOTA.** Cada vez que encontres un dato interesante, anótao nunha ficha. Así nunca perderás a información e poderás utilizala no teu traballo final.

**COMPARAR.** Cando dous ou máis textos tratan sobre un mesmo tema, debes comparalos: que teñen en común e que os diferencia.

**TOMA O TEU TEMPO** Le devagar tratando de comprender o que di o texto. Volve lelo cando sexa necesario e, se tes dificultades, consulta un dicionario ou outro documento que aclare o que non entendes ou pide axuda ao teu profesor.


« A lectura é como o alimento; o proveito non está en proporción do que se come senón do que se dixire »



**Jaime Balmes**  
(1810-1848).  
Filósofo español.

Pensa en ©

Cita os autores cando reproduzas fragmentos das súas obras.



Paso

8

## O guión

Fai un bo guión

### Que vas facer?

Elaborar un guión que reflicta toda a información obtida ata agora.

### Algúns consellos

**COMPLETA O TEU DIAGRAMA.** Recordas que no paso 4 («As ideas») fixeches un diagrama? Engade agora nel as novas informacións que obtiveches.

**DÁLLE UNHA VOLTA.** Co diagrama completo podes comprobar se algún punto está pouco tratado, se debes profundizar máis na documentación...

**TUDO TEN UNHA ORDE.** O guión vai ser a estrutura do teu informe. Debe ter unha orde lóxica, cuns puntos principais e outros secundarios.

**UNHA ÚLTIMA OLLADA.** Antes de decidir o guión definitivo, revisao varias veces. Cantas máis voltas lle deas, mellor e máis persoal será o teu guión.


«*Nunca te dás conta do que xa fixeches; só podes ver o que che queda por facer*»



**Marie Curie**  
(1867-1934).  
Científica francesa de orixe polaca.

Pensa en ©

Fai teus os achados da túa investigación e dálle un enfoque persoal.



Paso

9

## Se orixinal

Como non copiar nin plaxiar

### Que vas facer?

Cita correctamente os autores e as fontes consultadas.

### Algúns consellos

**CITAR.** Sempre que utilices as ideas doutros autores ou documentos, debes citalos. Pero tampouco convén que abuses das citas.

**PARAFRASEAR.** Podes dicir o mesmo que dixeron outros autores utilizando as túas propias palabras.

**RESPECTA O AUTOR.** En ambos os dous casos, citas e paráfrases, di sempre a quen pertence o texto orixinal e onde foi publicado.

**A BIBLIOGRAFÍA.** Para que non esquezas dato ningún, redáctaa coa axuda das fichas onde anotaches as fontes que seleccionaras.

« O coñecemento é bo, a creatividade é aínda mellor »




**Albert Einstein**

(1879-1955).

Físico estadounidense de orixe alemá.

Pensa en ©

Pensa que copiar, imitar ou plaxiar son cousas diferentes.



Paso  
**10**

## O informe

Como facer un bo informe de investigación

### Que vas facer?

Presentar adecuadamente os resultados da investigación.

### Algúns consellos

**AS FORMAS IMPORTAN.** Decide como vas presentar os resultados da túa investigación (informe escrito, exposición oral, presentación multimedia...).

**OS BORRADORES.** Antes de realizar o traballo final realiza tantos borradores como sexa necesario e pensa se o entenderán os teus destinatarios.

**ILUSTRA O TEU TRABALLO.** Utiliza fotografías, gráficos, mapas, vídeos... A información gráfica tamén ten un autor que deberás citar.

**OLLO COA INFORMÁTICA!** Se traballas cun ordenador, evita os sustos facendo sempre unha copia de seguridade.

**COIDA O ASPECTO.** Procura que a presentación final do teu traballo sexa clara, limpa, ordenada.

**TRANSMITE INTERESE.** Se vas facer unha exposición oral, intenta comunicar as túas ideas suscitando interese no público. Fai un guiión escrito e ensaia antes.


« Borra moitas veces se queres escribir cousas dignas de ser lidas »



**Horacio**  
(56-8 a.C.).  
Poeta latino.

Pensa en ©

Como creador tamén tes os teus dereitos.



Paso


II

## En Internet

Publica o teu **traballo** en **esdelibro.es**

### Que vas facer?

Facer pública a túa investigación en **esdelibro.es**.



« *Todo canto a humanidade fixo, pensou, logrou ou foi perdura maxicamente conservado nas páxinas dos libros* »



**Thomas Carlyle**  
(1795-1881).  
Historiador e pensador inglés.

## Pensa en ©

Fai público o teu traballo e comparte os teus coñecementos.



# Es de libro?

## un seis

Se che gusta **ler**...

Se es consciente do **esfuerzo** que supón para os autores, os editores, os distribuidores, os libreiros, os bibliotecarios, etc., crear as obras e facerchas chegar...

## dous sete

Se che gusta **crear** as túas propias ideas sen «copiar e pegar» as doutros...

Se nos teus traballos **citas** os autores e as obras que consultaches...

## tres oito

Se tes curiosidade por **investigar** con libros, Internet e documentos de todo tipo...

Se evitas **fotocopiar** sen sentido e cando fotocopias falo en lugares con licenza...

## catro nove

Se utilizas a **biblioteca** para ler, pedir libros en préstamo, buscar información, estudar...

Se dedicas **todos os días** un anaco a ler o que máis che gusta...

## cinco dez

Se che gusta dar unha volta polas **librerías** e follear libros...

Se tes ao día a túa **propia biblioteca** e gústache **intercambiar** libros con amigos...

Es de libro!



UNHA INICIATIVA DE:



CO APOIO DE:



Este documento forma parte de Es de libro, programa educativo para fomentar a lectura, a creación textual e o respecto dos dereitos de autor, promovido por CEDRO e dirixido ao conxunto da comunidade educativa.